

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de oficial de fontanería, persoal laboral fixo, incluído na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Boiro

ANUNCIO

RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS OFICIAL FONTANEIRO (PERSOAL LABORAL FIXO)

Por resolucións de alcaldía de data 20/11/2024 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de oficial fontaneiro, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración:

“EXPEDIENTE: 6848/2022

ASUNTO: RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE FONTANERÍA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUIDO NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE BOIRO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: 2/2022

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 14/12/2022 aprobáronse, entre outros, as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de oficial de fontanería, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data de 19 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do concello www.boiro.gal.

Con data 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio de dita convocatoria no BOE, abrindo o prazo de presentación de solicitudes e rematado o 26/01/2023.

Por Resolución de data de 14/03/2023, o alcalde presidente do Concello de Boiro, aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo concedendo un prazo de dez días hábiles, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou omisión (publicada no BOP nº 54 de data 20/03/2023).

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de oficial de fontanería, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración, e dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Esta relación definitiva de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, na páxina web do concello www.boiro.gal

Relación definitiva de persoas admitidas:

NIF	Nome	CELGA 3
***5978**	JAVIER VITURRO GONZÁLEZ	Exento
***5487**	JOSÉ LUÍS OUTEIRAL TUBÍO	Non exento/a
***9546**	CARLOS BUSTELO ABUÍN	Exento
***7755**	JOAQUÍN SOMOZA DIESTE	Non exento/a
***0580**	MANUEL OUBIÑA LOSADA	Exento
***5978**	MIGUEL VITURRO GONZÁLEZ	Exento

As persoas que non acreditaron estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 3, deberán superar unha proba oral de coñecemento da lingua galega que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Segundo.- Designar ó seguinte Tribunal cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

PRESIDENTE/A:	Titular	Severino Abalo Chouza
	Suplente	Beatriz González Vecín
VOGAIS	Titular 1	María Mariño Poza
	Suplente 1	María Lopez Docampo
	Titular 2	Ignacio J. Pérez Hermo
	Suplente 2	Ángela Resúa Rodríguez
	Titular 3	José Vázquez Piñeiro
	Suplente 3	Angel Rodríguez Alenza
SECRETARIO/A	Titular	Martín Blanco Buceta
	Suplente	M ^a Dolores Franco López

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL: 22/11/2024 ás 09:00 h.

Terceiro.- Facer pública mediante a súa inserción na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a listaxe definitiva das persoas admitidas e convocar ás persoas aspirantes admitidas para o **XOVES 19/12/2024 ás 09:30 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial** do Concello de Boiro para a realización da proba correspondente á da fase de oposición de conformidade coas bases específicas que rexen este proceso selectivo (base cuarta).

Publicaranse unha batería indeterminada de 300 preguntas das que se extraerán as contidas na proba e serán as que figuren no portal web ao día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva dos candidatos admitidos e excluídos desta convocatoria no BOP.

Convocar igualmente ás persoas aspirantes admitidas que non teñan acreditado o coñecemento da lingua galega para o Xoves 19/12/2024 ás 11:00 horas no salón de plenos da Casa Consistorial para a realización da proba oral de coñecemento da lingua galega de conformidade coa base xeral quinta bis das que rexen este proceso selectivo.

Quinto.- Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da súa publicación. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente."

Boiro, 21 de novembro de 2024

O alcalde, José Ramón Romero García

2024/8363